

XEOMETRÍA CON PAPEL

PÉREZ LÓPEZ, TRINI
IES N°1 de Ordes

CAMIÑA CODESIDO, SANDRA
IES de Salvaterra do Miño

A papiroflexia, á que podemos considerar como un arte, unha ciencia ou un entretenemento, ten una gran importancia na aprendizaxe das matemáticas. Para o matemático, a beleza da papiroflexia está na súa sinxela xeometría. En cada anaquiño de papel hai patróns xeométricos, combinacións de ángulos e rectas que permiten á folla chegar a ter variadas e interesantes formas.

Principais vantaxes do traballo con papiroflexia

- A papiroflexia proporciona unha ferramenta pedagóxica que permite desenvolver diferentes contidos, non solo conceptuais, tamén de procedemento.
- Desenvolve a psicomotricidade e, fundamentalmente, a psicomotricidade fina, así como a percepción espacial.
- Desenvolve a destreza manual, a exactitude na realización do traballo e a precisión manual.
- Relaciona a disciplina das matemáticas con outras ciencias, como as artes por exemplo.
- Motiva ao alumnado a ser creativo, xa que pode crear os seus propios modelos. Ademais pode investigar a conexión que ten coa xeometría non soamente plana, senón tamén espacial.
- Para o alumnado pode ser unha oportunidade de achegarse doutro xeito aos conceptos de rectas, diagonais, rectángulos, cadrados, triángulos, bisetrices, mediatrices etc.
- Facer papiroflexia é creativo, divertido e económico.

Nos obradoiros faremos poliedros, tamén figuras xeométricas festivas de nadal etc....

